



## ACTA DA CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA, DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local (CDL) Concello de Ponteareas, sito en A Freixa (Ribadetea), 22 de marzo de 2024, sendo as 08,50 horas, baixo a presidencia de don VÍCTOR MANUEL MIGUEZ NÓVOA, réunese o tribunal do proceso selectivo para a SELECCIÓN DE 1 PEÓN DE VÍAS E OBRAS, formado polos señores: don JAVIER PRESA IGLESIAS, don LUÍS ESTÉVEZ MERINO, (Vogais), don JOSÉ CASTRO CARRERA, (Asesor), actuando como Secretario o funcionario don JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO.

Facer constar que para a Constitución deste Tribunal, non asistiu o Presidente titular, don Juan Luís Fernández Vázquez, nin a Presidenta Suplente, dona Laura Osorno Iglesias, polo que os membros do Tribunal asistentes, optaron por eleixir a D. Víctor Manuel Miguez Nóvoa como Presidente.

Unha vez constituído o Tribunal, procédese a realizar o primeiro exercicio (proba práctica), na que os aspirantes deberán amosar a preparación básica para poder levar a cabo de forma eficaz e eficiente as tarefas propias do posto. Para iso o Tribunal deseñou unha proba básica consistente na preparación de cemento seguindo as instrucións de elaboración, identificando os compoñentes de montaxe, relacionados os distintos tipos de elementos e precisando métodos de traballo.

A proba sería obrigatoria e eliminatória, e a puntuación mínima sería de 1 punto e a máxima de 4 puntos.

Dos sete (7) aspirantes convocados polo INEM, compareceron á proba cinco (5), os cales foron chamados polo Tribunal en orde de lista, para realizar a devandita proba práctica.

Relaciónanse os candidatos/as que non se presentaron no CDL

- RODRIGUEZ CORBACHO VIRGINIA
- UCHA COSTAS SALADINA

Despois de realizar a proba práctica obrigatoria e eliminatória, o Tribunal considerou que dos cinco (5) aspirantes presentados, ningún deles acadou a puntuación mínima, que segundo as bases reguladoras era de 1 punto, polo que quedaron eliminados do Proceso selectivo

Relación dos aspirantes que quedaron eliminados por non superar a proba práctica por non ter acadado o mínimo de puntuación segundo as bases:

CARBALLIDO CARBALLIDO VICTORIA  
CERDEIRA RODRIGUEZ JOSÉ LUÍS  
MARTÍNEZ BELLO JUÁN JOSÉ  
MONTOYA MONTOYA MIGUEL ÁNGEL  
MOURIÑO FRADE RAMÓN MANUEL

Á vista de todo o exposto este Tribunal propón que, por parte do Concello de Ponteareas, se solicite ao INEM unha nova listaxe de candidatos/as.



E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 11.30 horas do mesmo día, polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

**RECURSOS:**

Contra a presente acta poderase interpoñer recurso de Alzada ante o mesmo órgano que o dictou ou superior no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Pontareas, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente

